



Guía Docente			
Datos Identificativos			2024/25
Asignatura (*)	Álgebra	Código	614G01010
Titulación	Grao en Enxeñaría Informática		
Descriptores			
Ciclo	Período	Curso	Tipo
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica
Idioma	CastelánInglés		
Modalidade docente	Presencial		
Prerrequisitos			
Departamento	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información	Computación	
Coordinación	Souto Salorio, Maria Jose	Correo electrónico	maria.souto.salorio@udc.es
Profesorado	Aguado Martín, María Felicidad Fernández Fariña, Alejandro Iglesias Valiño, Óscar Martín Aláez, Pedro Muñiz Castro, Brais Perez Vega, Gilberto Souto Salorio, María Jose Vidal Martín, Concepcion Vieites Rodriguez, Ana María	Correo electrónico	felicidad.aguado@udc.es alejandro.fernandez.farina@udc.es oscar.iglesias.valiño@udc.es pedro.malaez@udc.es brais.mcastro@udc.es gilberto.pvega@udc.es maria.souto.salorio@udc.es concepcion.vidalm@udc.es ana.vieites@udc.es
Web	campusvirtual.udc.es		
Descripción xeral	<p>A materia de Álgebra é unha materia correspondente ó segundo cuatrimestre do primeiro curso da titulación de Grao en Enxeñaría Informática. Pertence ó módulo de Formación Básica na rama de Enxeñaría e Arquitectura. Nesta materia débense adquirir os hábitos de abstracción e rigor necesarios no ámbito profesional dun informático. Os conceptos que se estudan son básicos para o desenrollo doutras materias más específicas da titulación; por exemplo, Computación Gráfica, Visión Artificial, Lexislación e Seguridade Informática, Procesamiento dixital da Información, Redes.</p> <p>O carácter dos estudos e as necesidades de formación dos estudiantes do Grao en Enxeñaría Informática aconsella un enfoque computacional da álgebra, por iso, porase especial énfase nos conceptos de álgebra que se emplegan en teoría de computación, destacando o enfoque algorítmico nos métodos.</p>		

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Capacidade para a resolución dos problemas matemáticos que se poden presentar na enxeñaría. Aptitude para aplicar os coñecementos sobre: álgebra linear; cálculo diferencial e integral; métodos numéricos; algorítmica numérica; estadística e optimización.
A3	Capacidade para comprender e dominar os conceptos básicos de matemática discreta, lóxica, algorítmica e complexidade computacional e a súa aplicación para a resolución de problemas propios da enxeñaría.
B3	Capacidade de análise e síntese
B6	Toma de decisións
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Adquirir nocións fundamentais da aritmética dos números enteros e a aritmética modular.	A1	
	A3	



Interpretar os coñecementos sobre aritmética enteira adquiridos e aplicalos á Criptografía.	A1 A3	B3	
Coñecer os conceptos básicos da Álgebra Lineal: Sistemas de Ecuacións Lineais, Espazos Vectoriais, Matrices e Aplicacións Lineais.	A1		
Utilizar métodos lineais para modelizar e resolver procesos relativos á informática e baseados en situacións reais.	A1	B6	C6
Coñecer as definicións e principios básicos da Teoría de Códigos relacionados coa Álgebra Lineal.	A1		
Saber simular os procesos de codificación e descodificación mediante técnicas matriciais.	A1	B6	C6
Entender e manexar a linguaxe matemática de forma correcta para expresar as ideas.	A1		C1
Desenvolver unhas mínimas capacidades de abstracción, concreción, concisión, imaginación, intuición, razonamento, crítica, obxectividade, síntese e precisión, para utilizaras en calquera momento da actividade académica ou laboral, co fin de poder afrontar con garantías de éxito os problemas que se formulen.		B3	C7
Saber aplicar os conceptos fundamentais da materia e saber relacionar os conceptos matemáticos cos algorítmicos e computacionais.	A1		C6
Adquirir ferramentas e destrezas para resolver os problemas de forma axeitada. Expressar e interpretar de forma precisa os resultados obtidos. Verificar o resultado e, en caso de obter unha incongruencia, revisar o proceso para detectar o erro cometido.	A1	B6	C1 C7

## Contidos

Temas	Subtemas
Tema 1: Aritmética modular e aplicación á Criptografía.	Nocións básicas de aritmética enteira. Algoritmo de Euclides. Números primos. Ecuacións diofánticas lineais. Congruencias. Aritmética modular. Definición de criptosistema. Criptografía clásica. Criptografía simétrica e asimétrica. Exemplos de criptosistemas. Sistemas de numeración. Criterios de divisibilidade.
Tema 2: Sistemas de Ecuacións Lineais, Matrices e Determinantes.	Definición e propiedades dos sistemas de ecuacións lineais. Sistemas escalonados. Método de Gauss. Matrices. Operacións con matrices. Redución. Matriz invertible. Determinante dunha matriz cadrada, propiedades. Regra de Cramer.
Tema 3: Espazos Vectoriais.	Definición e propiedades dos espazos vectoriais. Bases e coordenadas. Dimensión. Rango dun conxunto de vectores e rango dunha matriz. Cálculo do rango. Cambio de base. Teorema de Rouché-Frobenius.
Tema 4: Aplicacións Lineais.	Definición e propiedades das aplicaciones lineais. Núcleo e imaxe de unha aplicación lineal. Matriz asociada a unha aplicación lineal. Teorema da dimensión.
Tema 5: Códigos Lineais.	Definición de códigos lineais. Parámetros de un código lineal. Distancia e peso de Hamming. Matriz xeneradora, matriz control de paridade. Corrección de erros en códigos lineais. Códigos de Hamming binarios.

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A3 C6 C7	30	45	75
Prácticas de laboratorio	A1 B3 B6 C1 C6	20	30	50
Proba obxectiva	A1 B3 C1	3	0	3
Aprendizaxe colaborativa	A1 B3 C1 C7	6	11	17
Atención personalizada		5	0	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción



Sesión maxistral	A través da plataforma virtual da universidade, porase a disposición do alumnado a información detallada dos contidos de cada tema co fin de que cada alumno/a configure, segundo o seu criterio e necesidades, o material adecuado para o seguimento e comprensión da materia, para iso podrá facer uso da bibliografía recomendada e/ou material dispoñible na rede. As clases teóricas son presenciais na aula. As clases prácticas permiten ampliar os exemplos realizados despois das explicacións teóricas. O ritmo de trabalho será o adecuado para a total comprensión dos contidos co fin de lograr os obxectivos propostos  Nas clases búscase unha presentación das técnicas formais por medio de exemplos, con énfases en cálculos concretos e na natureza algorítmica dalgunas delas. Perseguírse que os alumnos sexan capaces de obter conclusións do resultado estudiados, tentando motivar aos alumnos para que participen e sexan capaces de inferir conclusións que poidan resultar más ou menos evidentes.
Prácticas de laboratorio	Ó inicio de cada un dos temas facilitase os alumnos un boletín de exercicios propostos relacionados cos contidos teóricos explicados nas clases de teoría. Nas sesións prácticas preténdese:  I) incentivar ó alumno mediante a resolución de exercicios, coa axuda do profesor, para reforzar a comprensión dos conceptos estudiados,  II) fomentar a resolución razonada dos exercicios, evitando a utilización de "receitas";  Xunto co boletín de exercicios indicaranse aos estudiantes os obxectivos ou resultados de aprendizaxe que deben conseguir ó finalizar o tema.
Proba obxectiva	Realizarase un exame escrito que consistirá nunha colección de cuestións teóricas e/ou de problemas (do mesmo tipo que os propostos nos seminarios(TGR) e nos boletíns de exercicios).
Aprendizaxe colaborativa	Ó longo do curso dedicaranse dez horas aproximadamente para que os alumnos formulen as dúbihdas sobre os conceptos, exercicios e procedementos vistos nas sesións de teoría e problemas. Así mesmo pódense formular pequenos proxectos ou a resolución de exercicios en grupos reducidos de alumnos.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Os alumnos teñen a posibilidade de revisar a cualificación obtida en todas e cada una das probas que realicen ó longo do curso, comprobando que estas se axustan ós criterios de avaliación establecidos.
Prácticas de laboratorio	Así mesmo, xustificaranse as avaliacións das respuestas ás cuestións e exercicios formulados durante o curso, coas indicacións adecuadas co fin de corrixir os erros e/ou mellorar as respuestas con vistas a unha formación más sólida.
Aprendizaxe colaborativa	Nas sesións en grupos reducidos, resólvense as dúbihdas formuladas polos alumnos, en especial cando sexan comúns a varios deles ou ilustren un caso interesante. Se a cuestión é más particular ou non queda plenamente resolta para algún alumno, trataríase nas horas de titoría individualizada.  Tódolos alumnos poden plantear as súas dúbihdas a través das plataformas oficiais da Universidade (Teams, Moodle).  Alumnos matriculados a tempo parcial: Dependendo das particularidades de cada caso concreto, na medida do posible, axustaranse as probas da avaliación continua para que o devandito alumno poida obter a mesma cualificación que un alumno de matrícula ordinaria.  Alumnos con necesidades de alguma adaptación curricular (ADI): Dependendo das particularidades de cada caso concreto, axustaranse, na medida do posible, tanto os materiais de traballo como as probas de avaliación.



## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Prácticas de laboratorio	A1 B3 B6 C1 C6	<p>Ó longo do cuatrimestre realizanrase unhas probas de avaliación continua de cada un dos distintos temas onde se formularán preguntas sobre os conceptos introducidos, cuestiós e exercicios similares ós do correspondente boletín. Valorarase a resposta correcta así como a presentación con claridade da exposición realizada.</p> <p>Poderase valorar unha actitude participativa do alumnado na resolución das cuestiós formuladas durante as prácticas e nas titorías en grupos reducidos.</p> <p>A nota obtida neste apartado será a mesma nas dúas oportunidades da convocatoria do curso académico.</p>	30
Proba obxectiva	A1 B3 C1	<p>Ó final do cuatrimestre realizarase unha proba escrita que inclúe:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Preguntas curtas que permitan valorar se o alumno comprendeu os conceptos teóricos básicos.</li><li>- Problemas cun grao de dificultade semellante aos realizados na aula e aos presentados nas coleccións de exercicios propostos.</li></ul> <p>Avaliarase o dominio dos conceptos teóricos da materia, a comprensión dos mesmos e a súa aplicación na resolución de exercicios. Asimesmo, valorarase a claridade, a orde e a presentación dos resultados expostos.</p> <p>A presentación á proba final do curso supón que o estudiante completou o proceso de avaliación continua.</p> <p>A cualificación final (F) será calculada usando a cualificación da proba obxectiva (E) e a da avaliación continua (P) do seguinte modo:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>i) <math>F = E + P</math> no caso <math>E &gt; 2.7</math></li><li>ii) <math>F = \text{mínimo} (4.5, E + P)</math> no caso <math>E &lt; 2.8</math></li></ul>	70
Outros			

## Observacións avaliación

Avaliación do alumnado matriculado a tempo parcial: Dependendo das particularidades de cada caso concreto e de previo acordo co profesorado encargado do grupo ó que estea asignado un estudiante matriculado a tempo parcial, axustaranse as probas da avaliación continua para que o devandito estudiante poida obter a mesma cualificación que un estudiante de matrícula ordinaria. Avaliación do alumnado matriculado con necesidades dalgunha adaptación curricular: Dependendo das particularidades de cada caso, axustaranse as probas de avaliación para que o devandito estudiante poida realiza-las mesmas probas que os seus compañeiros. Na oportunidade adiantada a decembro, o exame cualificarase sobre dez puntos, sendo necesario obter polo menos un cinco para aprobar a materia.

## Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Grossman, S. I. (1996). Álgebra lineal con aplicaciones. McGraw-Hill Interamericana México.</li><li>- Grossman, S. I. (1994). Elementary Linear Algebra with Applications. Wiley</li><li>- Merino, L. y Santos, E. (2006). Álgebra Lineal con Métodos Elementales. Thomson.</li><li>- Cameron, P. J. (1998). Introduction to Algebra. Oxford University Press, Oxford.</li><li>- Rosen, K. H. (2004). Matemática Discreta y sus aplicaciones. McGraw-Hill Interamericana.</li><li>- Rosen, K. H. (2003). Discrete Mathematics and Its Applications. McGraw-Hill</li><li>- Biggs, N. L. (1994). Matemática Discreta. Madrid, Vicens Vives.</li><li>- Lay, D. C. (2011). Linear Algebra and Its Applications. Pearson</li><li>- Lay, D. C. (2007). Algebra Lineal y sus Aplicaciones. Prentice Hall</li></ul>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"><li>- Hernández, E. (1994). Álgebra y Geometría. Addison-Wesley.</li><li>- Rojo, J. y Martín, I. (2005). Ejercicios y problemas de Álgebra Lineal. McGraw-Hill.</li><li>- Lidl, R. y Pilz, G. (1998). Applied Abstract Algebra. Nueva York, Springer.</li><li>- Torrecilla Jover, B. (1999). Fermat. El Mago de los Números. Nivola.</li><li>- Van Lint, J. H. (1999). Introduction to Coding Theory. Berlín, Springer.</li><li>- Singh, S. (2000). Los Códigos Secretos. Debate</li><li>- Nakos, G. y Joyner, D. (1999). Álgebra lineal con aplicaciones. Thomson.</li><li>- Nakos, G. y Joyner, D. (1998). Linear Algebra with Applications. Brooks Cole Publishing</li></ul>

**Recomendacíons****Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Matemática Discreta/614G01004

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente****Materias que continúan o temario****Observacións**

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías